

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O FIADDEIRO

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL



1. Xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística do centro

En marzo de 2007, o ENL realizou unha enquisa sociolingüística. Algunhas conclusións ás que chegou o ENL a partir deste enquisa foron as seguintes:

- O castelán, comparado co galego, resulta, para a maioría dos enquisados e enquisadas moito máis fácil, sobre todo na súa forma escrita.
- Por idades, é o colectivo dos máis novos (21 a 30 anos) o que manifesta un maior dominio do galego escrito, contrariamente ao que sinala sobre o coñecemento falado ou lido.
- O colectivo entre 41 e 50 anos son os que tiveron unha educación co maior dominio do galego, mentres que os máis mozos se criaron na súa maioría en castelán. A familia e a escola resultan ser as primeiras fontes de aprendizaxe do galego para o 68% das persoas enquisadas.

Con estas conclusións, na Escola Oficial de Idiomas de Ferrol cómpre potenciar o uso do galego entre os membros da comunidade escolar para que estes utilicen con naturalidade a nosa lingua e así se sintan cada vez máis competentes en galego. Para iso, é necesario crear espazos de conversa en galego, onde maiores e mozos intercambien opinións acerca dun mesmo tema, e dun espazo virtual de intercambio de textos escritos a través da rede. A creación destes espazos comúns de uso normalizado da nosa lingua é especialmente importante neste centro xa que, ao ser unha escola de idiomas, a lingua de comunicación na aula é a que se estuda (alemán, francés, inglés, italiano...). O galego só se usa como lingua vehicular de aula nas clases de galego. O obxectivo final é normalizar a lingua galega no noso centro, creando espazos que faciliten este uso fóra da aula.

2. Obxectivos

O obxectivo primordial é que a nosa escola sexa un centro no que o alumnado e resto da comunidade educativa poidan comunicarse en galego con normalidade.

2.a. Obxectivos a curto prazo

- Crear espazos físicos de conversa en galego.
- Facilitar o intercambio de escritos en galego e de reflexión acerca do uso da nosa lingua en espazos virtuais.
- Convidar a toda a comunidade escolar a achegar a lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega á poboación inmigrante que se está a asentarse na zona, a través do proxecto europeo Opening Doors, no que está a traballar esta EOI e cuxo tema principal é a inmigración.
- Achegar experiencias da emigración galega dende outros países mediante videoconferencia.
- Convidar as distintas institucións do contorno para que colaboren nos fiadeiros.
- Axudar á mellora da competencia do uso do galego entre os membros da comunidade escolar.

2.b. Obxectivos a longo prazo

- Potenciar o uso da lingua galega na EOI de Ferrol no sistema informático e como lingua de relación habitual no centro.
- Facilitar a mellora da competencia lingüística da lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- Facilitar as ferramentas para un uso normativo da lingua galega en todos os comunicados e documentos oficiais da escola.

- Contribuír á difusión da cultura galega na escola e implicar a comunidade escolar e os axentes culturais da nosa vila no proceso.

3.Desenvolvemento do proxecto

Fiadeiro virtual e fiadeiro presencial

A nosa tradición débese á transmisión oral, pasou de xeración en xeración a través dos vellos que nas noites de invernía llelas contaban aos novos ao carón da lareira e a través das mulleres que, cando se xuntaban nas fiadas, pasaban o tempo compartindo os contos que antes escoitaran. Elas foron os *filii* esquecidos do noso pobo nos que nunca se pensará para o Día das Letras Galegas, posto que eran iletrados, pero a quen lles debemos recibir en herdanza aquilo que nos fai diferentes. Connosco perderase un tesouro se non o compartimos.

Acabáronse as fiadas e agora internet é a aldea global onde a xente se xunta a laretar, por que non facer un fiadeiro virtual, ademais dun presencial? Aproveitando o Equipo de Normalización Lingüística, creamos un espazo onde compartir historias, imaxes, mesmo as cantigas que chegaron ata nós para que non se vaian connosco, con estes que xa non temos tempo para xuntarnos, nin lareiras onde quentarnos, nin vellos que contan contos, nin mulleres que fagan labores ao noso carón, senón que estamos presos en cidades que globalizan e substitúen o propio de xeito tan silandeiro, paseniño, que non sentimos como esmorecemos e non nos defendemos. Esta é a xénese do fiadeiro virtual, un espazo na internet con forma de blogue no que os membros da comunidade escolar e aquelas persoas alleas á escola que o desexen poidan proporcionar achegas na nosa lingua.

A partir desta idea, desenvolvemos o concepto de fiadeiro presencial. Chamámoslle fiadeiro (ou fiada) porque o seu espírito é compartir vivencias entre os que facemos un labor común: aprendizaxe e ensino das linguas. Serán xuntanzas de 15-20 persoas nas que falaremos en galego, convidaremos o alumnado, profesorado, persoal non docente e integrantes das institucións da comarca para que acudan aos fiadeiros.

O fiadeiro é unha actividade aberta a toda a comunidade escolar. O fiadeiro virtual ten todas as vantaxes da internet, calquera persoa pode acceder a el cun ordenador que teña conexión á rede e facilita a flexibilidade de horarios. É de uso sinxelo, polo que soamente fai falla un coñecemento rudimentario da navegación por internet e os usuarios non teñen que rexistrarse, senón que poden facer as súas achegas en forma de comentario e, en caso de querer publicar un artigo, fano a través do correo electrónico. O fiadeiro virtual permite un intercambio democrático de experiencias lingüísticas co galego.

O fiadeiro presencial celebrárase con vistas á flexibilidade en canto a tempo e espazo físico que precisa a comunidade escolar na nosa EOI. Dado que os alumnos son adultos que na maior parte dos casos dispoñen de pouco tempo libre e dado que o profesorado conta con horarios moi diferentes entre eles e que moitos membros do persoal non docente traballan por quendas, o fiadeiro terá lugar en horas e días distintos para facilitar a asistencia.

Contidos e metodoloxía

Para poder involucrar directamente o alumnado nas aulas o profesorado implicado realizará cada mes unha unidade didáctica na lingua que imparta (inglés, alemán, francés...) que reflicte o tema que se vai tratar no

fiadeiro presencial –por exemplo, a emigración en Alemaña–, para poder facer posteriormente no fiadeiro presencial comparativas coa situación galega e a situación doutros países. Os temas elixidos aparecen nos nosos proxectos didácticos das diferentes linguas de índole cultural, como a emigración, a literatura popular, a historia dalgunha zona do país que se está tratar e, en canto á normalización lingüística, trátanse na clase, segundo a lingua a estudar, as linguas minoritarias e a súa situación no país, por exemplo o bretón, o irlandés, o retroromano, etc., para comparar posteriormente coa situación do galego. O alumnado que o desexe poderá participar nos fiadeiros presenciais, pero desta vez en galego e cunha certa preinformación que facilitará a fiada.

Haberá formación para toda a comunidade educativa, a través da Xefatura de Recursos, para aprender a usar o fiadeiro virtual, ou ben como gravar audio, etc.

O **fiadeiro virtual** estará dividido en seccións: unha parte para falar do pasado e compartir contos ou lendas; outra parte na que se poida opinar acerca de libros (mesmo propoñer lecturas e despois recoller as opinións); unha sección gastronómica; outra de viaxes, etc. e todas aquelas seccións que propoña a comunidade escolar. Os documentos poderán ter calquera formato electrónico: texto, imaxes, audio e vídeo. O fiadeiro terá forma de blogue e estará vinculado á páxina web da escola a través dun hipervínculo da sección ENL. Os documentos seranlle enviados a calquera dos compoñentes do equipo de ENL, que serán tamén os administradores do blogue. Estes poderán remitirle os documentos á coordinadora para que ela os colgue no blogue, ou ben facelo eles mesmos. Os comentarios poderán facerse directamente na páxina sen que sexa necesario remitírllelos aos administradores por correo electrónico.

Os temas e a temporalización dos **fiadeiros presenciais** que terán lugar no curso 2007-08 son os seguintes:

- **Outubro:** presentación do proxecto na aula de audiovisuais para poder visualizar mediante a pantalla dixital o **fiadeiro virtual** e poder mostrar a gravación dun fiadeiro presencial.
- **Novembro:** traballarase o tema da emigración, para o que se aproveitarán as experiencias persoais de moito alumnado. En colaboración co proxecto europeo Opening Doors, onde o tema central é a emigración, celebrarase na última semana de novembro o primeiro fiadeiro presencial. Coa colaboración deste proxecto europeo, contaremos coa presenza de colectivos estranxeiros que veñan a este fiadeiro para falar da súa situación con respecto á lingua galega.
- **Xaneiro:** seguirase co tema da emigración e realizarase un segundo fiadeiro presencial na última semana con videoconferencia co país de Suecia, onde se manteñen contactos grazas ao proxecto europeo coa emigración galega en Suecia.
- **Febreiro:** trátase a historia da comarca de Ferrolterra, en colaboración co Ateneo Ferrolán.
- Neste terceiro fiadeiro presencial traballarase primeiro este tema na clase, facendo unha comparativa con zonas similares doutros países. Contamos aquí coa axuda dos nosos axudantes lingüísticos de Alemaña, Estados Unidos, Francia e, probablemente, Italia. Na última semana de febreiro, realizarase este fiadeiro na sede do Ateneo Ferrolán, que se estruturará da seguinte forma: primeiro unha fiada de 30-40 minutos de coñecementos entre todos sobre este tema para pasar, posteriormente, a unha conferencia doutros 30-40 minutos por parte dun estudoso da zona.

- **Marzo:** tratarase o tema da normalización do uso do galego, en colaboración coa Galería Sargadelos. Invitaranse os equipos de normalización lingüística da comarca para que participen na nosa cuarta fiada. A moderadora desta fiada será a encargada da normalización lingüística do concello de Ferrol, persoa que levou a cabo a formación previa do profesorado do centro en canto á actualización do galego.
- **Abril:** tratarase o tema da literatura popular, en colaboración coa biblioteca da escola. Farase unha exposición de material no centro e, aproveitando o Día do Libro, faremos a quinta fiada presencial sobre este tema na biblioteca, onde o Departamento de Galego presentará a súa revista **Alecrín**, unha revista en galego con xa certa tradición na escola que se realiza coas achegas do alumnado, pero probablemente con pouca difusión fóra do Departamento de Galego, situación que se espera cambiar grazas ás fiadas presenciais.
- **Maio:** neste mes, aproveitando a festividade das letras galegas, intentarase repetir unha fiada que xa se fixo este curso pasado no asilo de anciáns de Caranza. Preténdese que o alumnado colabore en recitar poesía ou lectura en alto dalgún texto narrativo e con fondo de música, coa colaboración da asociación de estudantes Goethe do centro e co Conservatorio Profesional de Música. Tras este fiadeiro, pasariamos a realizar a avaliación da consecución do proxecto.

4. Utilización dos recursos existentes no centro

Pantalla dixital

Para amosar o fiadeiro virtual comodamente e para visualizar as achegas que queiran realizar os asistentes aos fiadeiros presenciais.

Videocámara dixital e reprodutor de MP3

Para gravar as fiadas presenciais e para recoller arquivos para o fiadeiro virtual, contamos cunha cámara de vídeo e cun MP3 con gravador de voz, que lles prestaremos a aqueles membros da comunidade escolar que queiran facer unha achega audiovisual ao fiadeiro.

Aula de informática

Para acceder a comunidade educativa ao fiadeiro virtual.

5. Colaboración con institucións do contorno

- IES Leixa: o alumnado e o profesorado dos departamentos de Artes gráficas e Deseño deste centro colaboran habitualmente coa nosa escola no deseño e maquetación de material gráfico (revista escolar *Diálogo*, carteis, pósteres, programas...). Neste proxecto encargaríanse do deseño de carteis anunciadores do fiadeiro, así como do programa anual coas datas, hora, lugares e temas dos fiadeiros presenciais.

- *Coordinadora de equipos de normalización lingüística,*

Invitaremos institucións do noso contorno para que acudan aos fiadeiros presenciais e para que colaboren co fiadeiro virtual.

- Ateneo Ferrolán, asociación cultural que xa colaborou coa EOI noutras actividades.
- Galería Sargadelos, en constante comunicación coa EOI a través do ENL.
- Asilo anciáns.

Como xa fixemos no curso 2006-07, celebraremos unha fiada no asilo de Caranza polo día das Letras Galegas, onde a Escola oficial de Idiomas xa é un referente en canto á colaboración coas institucións de Ferrolterra.

- Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño.

6. Plan de avaliación

A final de curso, farase unha avaliación utilizando datos obxectivos, recollidos da seguinte forma:
O fiadeiro virtual avaliarase sinxelamente dende a análise dos comentarios. O número de comentarios e a variedade de autores que os fan son un bo indicador da dinamización deste espazo. Outro instrumento de avaliación é o número de visitas que recibe a páxina e a participación con achegas.

O éxito do fiadeiro presencial será avaliado a través das gravacións en formato vídeo ou audio. Analizaranse o número de asistentes a cada un deles e a variedade de participantes. Faremos unha comparativa cos datos dos distintos fiadeiros para avaliar que temas, horarios e localizacións foron os máis axeitados.

7. As necesidades de formación do profesorado para a óptima execución do proxecto

As necesidades do profesorado foron parcialmente cubertas a través dun proxecto de formación e asesoramento no centro levado a cabo durante o curso 2006/07, xa que 12 dos 18 implicados neste proxecto de innovación participaron nel. Neste proxecto, corrixiuse e actualizouse toda a documentación oficial de centro en canto ao galego normativo. O profesorado implicado recibiu docencia de actualización do galego normativo.

En canto ao uso das novas tecnoloxías (videoconferencia, cámara dixital, cámara de vídeo, acceso ao fiadeiro virtual, pantalla dixital...), o profesorado implicado recibirá unha formación específica e individualizada ou en pequenos grupos, segundo as necesidades, por parte da Xefatura de Recursos do centro, implicado tamén neste proxecto. Tamén o alumnado recibirá formación por parte da Xefatura de Recursos en canto ao uso do fiadeiro virtual, como usar un MP3 con gravador de voz en caso de que queiran facer unha achega audiovisual ao fiadeiro, etc.

8. Medidas para a difusión do proxecto entre toda a comunidade escolar

Fomento da participación

- No primeiro claustro do curso 2007/08, que se celebrará en setembro de 2007, a coordinadora do ENL e do proxecto de innovación informará a todo o Claustro máis detalladamente do proxecto e animarase o profesorado de nova incorporación a tomar parte activa na iniciativa.
- Todas as aulas terán, a inicio de curso, no seu taboleiro información por escrito sobre o proxecto, as actividades que se van desenvolver ao longo do 1.º cuatrimestre e os contidos.
- O alumnado será informado polo profesorado oralmente na aula.
- Haberá carteis que anuncien tanto o fiadeiro virtual como o presencial en lugares visibles da escola, así como no taboleiro asignado ao Equipo de Normalización Lingüística.
- Haberá programas coas datas e lugares dos fiadeiros presenciais á disposición de toda a comunidade educativa.
- Enviaráselles o programa por correo electrónico aos ENL dos centros da zona para convidalos a participar.
- Puntualmente, antes de cada fiadeiro presencial enviarase unha nota de prensa.

Ferrol, 31 de xullo de 2007